



Paulo Carril: “Hai que derrogar todas as reformas xa, sen transición”

Enfrontámonos a unha dobre situación crítica: dunha banda, á crise industrial que percorre Galiza de norte a sur; doutra, á extensión constante da precariedade, da pobreza laboral e dos baixos salarios, consecuencia directa das reformas laboral, da negociación colectiva e das pensións.

Cada día que pasa son máis urxentes e necesarias as derogacións íntegras desas reformas e de todas as políticas de recortes nos servizos públicos que se aplicaron durante estes anos, porque a profunda desigualdade e inxustiza social que están a causar non pode ter como solución simples revisións ou derogacións parciais como ten anunciado en recentes declaracións a Ministra de Traballo.

Así o asegura o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, quen denuncia que as reformas laborais e sociais “supuxeron un auténtico golpe de Estado aos dereitos laborais” e afirma que “non hai tregua posíbel, non hai transición posíbel, ten que haber derogación total, ruptura democrática para recuperar os dereitos arrebatados”.

Emerxencia social

A situación en Galiza é insostíbel. O atraso continuado e inxustificado da aprobación do estatuto para a industria electrointensiva pon en risco os postos de traballo e sitúanos na máis absoluta indefensión ante a decisión de peche do complexo de San Cibrao, que está exclusivamente nas mans da dirección de Alcoa.

A crise industrial esténdese desde o sector naval de Ferrol ao naval de Vigo, pasando pola deslocalización e destrución de emprego no sector das

telecomunicacións. Impónsenos un nivel de exixencia tan alto de cumprimento da redución das emisións de CO₂, levando por diante, dun golpe, as centrais térmicas das Pontes, como se fósemos unha sociedade industrializada soberana, con capacidade de decidir, ao nivel de Alemaña ou Francia, cando, en verdade, somos vítimas dun tecido económico e industrial deseñado polo gran capital español e internacional, resultado de anos dunha industria de enclave que veu espoliar as nosas materias primas, que non pecha os ciclos produtivos no propio país e que ten sido altamente contaminante.

Nova reconversión

Agora as grandes eléctricas vólvense ‘ecoloxistas’ pero non asumen ningunha responsabilidade social do dano causado, nin están dispostas a ceder a súa posición de oligopolio que acumula cada día máis ganancias polos altos prezos da electricidade que imponen.

Por iso a mobilización é máis necesaria que nunca. Temos que exixir unha transición xusta, que dea unha alternativa de futuro, de emprego e de industrialización ao noso país, para que poidamos utilizar a riqueza que xera a produción de enerxía para o desenvolvemento económico e social de Galiza e que teñamos unha tarifa eléctrica galega.

A verdadeira transición ecolóxica, para que sexa tal, e sexa xusta, ten que pasar porque se nos recoñeza o dereito e a capacidade de decidir sobre os nosos recursos e sobre o noso desenvolvemento económico e social.

Doutro xeito, advirte Paulo Carril, “será unha nova versión, actualizada, das reconversións brutais como a que vivimos coa entrada ao Mercado Común Europeo, hoxe UE, que foi a ruína para o pobo galego”.

Este cadro complétase co intenso e permanente proceso de expulsión da poboación do rural. Temos os salarios e as pensións máis baixas do Estado, a poboación máis avellentada, os maiores índices de emigración e non nos deixan producir para poder vivir.

Mobilizacións

A CIG non se resigna a este proxecto de país deseñado por un Partido Popular instalado nunhas posturas ultraespañolistas e negadoras de Galiza, como diariamente demostra un Feixoo “entregado aos fondos de investimentos, indolente e pasivo, pero que, cando actúa faino para colaborar na destrución dos nosos sectores produtivos e industriais estratégicos, mentres se abraza a unha política suicida para a sociedade galega e que non crea emprego digno consistente no macroturismo, no Camiño de Santiago a gran escala, na eucaliptización do país a favor das grandes corporacións e que afondan na histórica xeración de graves desequilibrios territoriais, sociais e ambientais”, denuncia Carril.

A CIG ten claro que coa mobilización social faremos recuar estas políticas, como se conseguiu frear a pretensión de Feixoo de pechar o paritorio de Verín, impedir proxectos como o da Mina de Touro ou como se freou no seu día o da mina de Corcoesto.

Mobilicémonos para recuperar salarios e frear a pobreza laboral

As reformas permitiron ao poder económico instalar novas formas de explotación, incrementándose de maneira exponencial os traballos precarios, os contratos a tempo parcial e a pobreza laboral. Sabemos que non nos van regalar ningún dereito. A clase traballadora conseguíunos historicamente loitando por eles. Por iso a CIG aposta pola mobilización na negociación colectiva para rematar co saqueo desta última década e recuperar os dereitos laborais e salariais que nos roubaron. Así o explica o secretario confederal de Negociación Colectiva, Francisco González Sío.



Incrementos salariais do 3%

Para avanzar na recuperación salarial, a CIG defenderá incrementos superiores ao 3%; que quede reflectido nos convenios o carácter non absorbíbel dos complementos; a prohibición das duplas escalas salariais e a igualdade retributiva entre homes e mulleres.



Limitación de contratos a tempo parcial

Para loitar contra a precariedade e a pobreza salarial a central sindical centrarase moito no que ten que ver coas novas formas de explotación laboral xurdidas a raíz da reforma da negociación colectiva, que afectan, sobre todo, á mocidade e ás mulleres.

Por iso defenderase, na negociación de cada convenio, a introdución de cláusulas de limitación dos contratos a tempo parcial e a regulación do mínimo de fixos nos cadros de persoal, diante da alta taxa de eventualidade que hai.



Mesmas condicións para o persoal das contratas

Nos convenios de sector loitaremos por conseguir que se garanta que o persoal das contratas teña as mesmas condicións que os traballadores e traballadoras das empresas principais, ademais da prohibición das ETT.



Contra as empresas multiservizos

Perseguiremos as novas formas de precariedade chegadas da man das empresas multiservizos que, amparándose no marco estatal e na prevalencia dos convenios de sector, montan empresas cun convenio de empresa estatal mais entran en todos os sectores rebentando absolutamente as condicións laborais.



Igualdade de condicións nos Centros Especiais de Emprego

Nin a Xunta nin o Estado están exercendo o labor de control que deberían nos Centros Especiais de Emprego. Unha modalidade de empresas onde se contrata a persoas con capacidades distintas que, so pretexto de favorecer a súa inclusión, están explotadas laboralmente ao se lles aplicar as condicións mínimas mentres se lles exige o mesmo que a calquera outro traballador ou traballadora. O secretario

confederal de Negociación Colectiva denuncia que, aínda por riba, estas empresas reciben subvencións pola contratación deste persoal por iso “exixiremos que teñan as mesmas condicións que nas empresas principais”.

RECUPERAR DEREITOS PARA AVANZAR



8 de Marzo: Invisíbeis e precarias, pola valorización dos traballos de coidados

A CIG chama a participar na manifestación feminista de Verín

“Invisíbeis e precarias, pola valorización dos traballos de coidados” é o lema baixo o que a CIG conmemora este ano o 8 de Marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, no obxectivo de reclamar que a vida das persoas se sitúe no centro das políticas públicas.

Así o explica a secretaria confederal das Mulleres, Margarida Corral, quen defende a necesidade de valorizar as tarefas relacionadas cos coidados e que tanto os traballos feminizados como aqueles que se fan de balde no fogar “sexan recoñecidos no seu xusto valor económico e social, porque malia constituíren o sostén da vida seguen invisibilizados”.

Sobre estas cuestións debaterase no VI Encontro Nacional de Mulleres da CIG que se celebrará o mércores 4 de marzo en Compostela no edificio Cersia e ao remate do que as delegadas da central sairán en manifestación para esixir cambios reais nas políticas que nos permitan acadar a igualdade de oportunidades



nas condicións de traballo, na esfera social e o dereito a vivir sen violencia.

A este respecto, Corral explica que o feito deste 8 de Marzo caer en domingo resta forza á convocatoria de folga laboral e estudantil, xa que só unha pequena porcentaxe de mulleres poderían participar nela. Atendendo a esta circunstancia, o feminismo galego apostou por centrar as mobilizacións na problemática dos

coidados, facendo visíbel o que está oculto e infravalorado.

Deste xeito, baixo a consigna “Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema, derrubando o patriarcado” Galegas8M convoca manifestación nacional en Verín o 1 de marzo, na que a CIG fai un chamamento a participar masivamente, así como nas mobilizacións que terán lugar por todo o país na xornada do domingo 8 de Marzo.

Por unha sanidade e universidade públicas

A política sanitaria da Xunta de Galiza está levando á sanidade pública a un punto de difícil retorno se non a paramos entre todas e todos. Por iso a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública galega convoca unha manifestación o vindeiro domingo día 9 de febreiro, con saída ás 12:00 horas da Alameda compostelá.

Non podemos consentir o recorte constante de recursos; nin o desmantelamento de hospitais, nomeadamente os comarcais; nin o abandono da Atención Primaria; nin a vulneración de dereitos das persoas con problemas de saúde mental; nin os recortes no desenvolvemento do plan de atención integral á saúde da

muller; nin a ocultación e manipulación das listas de agarda.

Cunha resposta masiva podemos frear a política de desmantelamento e privatización do sistema sanitario público do Partido Popular.

Mobilizacións na universidade

Mercantilizar un ben universal como a educación atenta contra a igualdade de oportunidades. Malia isto, e a falta de que o Parlamento galego aprobe a Lei que permita a creación da nova universidade privada promovida por Abanca, todo indica que a Xunta deixará ben atada esta cuestión antes de que remate esta lexislatura.

Por iso a CIG, CCOO, UGT e as organizacións estudantis Erguer, ANEGA, Acción Universitaria e Sindicato de Estudiantes impulsaron a Plataforma Galega en Defensa da Universidade Pública: para loitar contra a súa privatización. A primeira mobilización terá lugar o día 11 de febreiro, con concentracións en todos os campus universitarios.

Non podemos consentir que, logo de regalárle as caixas ao banco venezolano Banesco, agora se continúe co proceso de espolio dos nosos servizos públicos coa creación da Universidade Intercontinental da Empresa, mentres se lles nega ás tres universidades públicas a implantación de novos títulos de grao e posgrao.

Na defensa do emprego no sector das telecomunicacións en Galiza

As federacións de Banca, Industria e FGAMT lanzan unha campaña en defensa do emprego e contra a precariedade no sector de Telecomunicacións e convocan unha mobilización nacional para o vindeiro día 27 de febreiro diante do Parlamento galego.

Denuncian a constante perda de emprego, as sucesivas deslocalizacións, a externalización de servizos, a subcontratación encadeada e a aparición de persoal falso autónomo, que están incidindo de xeito tremendamente negativo nas condicións laborais.

Ademais, os procesos de traslados de servizos das compañías que realizan funcións de operación ou mantemento de instalacións, de enxeñaría ou de atención telefónica fóra de Galiza,



están provocando unha alarmante perda de emprego. De feito, Telefónica pasou de ter un cadro de persoal de 1.142 persoas en Galiza, en 2014, a pouco máis da metade na actualidade. No caso de Vodafone a redución chegou desde ese mesmo ano ao 60% e a mesma sorte corre R desde a súa compra por Euskaltel, en 2015.

O mesmo ocorre nos Centros de Chamadas onde todas as empresas están inmersas en procesos de regulación de emprego, deslocalizando os servizos cara a outros países con man de obra máis barata para incrementar os seus beneficios a custo de explotar o persoal e en detrimento da calidade do servizo.

O persoal de Lousame e Albada, en loita por un convenio digno

Os dereitos non os regala ninguén. Ben o saben as traballadoras e traballadores das plantas de tratamento de residuos de Lousame e Nostián, que tiveron que mobilizarse para ver recoñecidos os seus dereitos.

Na planta da Mancomunidade de concellos da Serra do Barbanza, situada en Lousame, o persoal reclamaba a inclusión no convenio dun plus de tóxicos do 25% para todas as traballadoras e traballadores, cumpríndose así o que establece a norma legal. Dese xeito, os seus salarios achegaríanse aos do persoal das plantas de Sogama, que cobraba un 45% máis, ou ao da planta de Albada, que cobraban un 16 ou 17% máis.

Foron necesarias concentracións, a convocatoria dunha xornada de paro e a disposición do persoal a ir á folga durante todo o Nadal para que a empresa atendese as súas demandas.



Co acordo, as categorías máis baixas teñen un incremento salarial, xa durante este ano, de 110 euros ao mes. Suba que chegará ao 14% en catro anos e que vai acompañaba doutros beneficios sociais.

Na planta de Nostián (A Coruña), a presión e as mobilizacións dos traballadores e traballadoras logrou que a empresa concesionaria, Albada, do Grupo Urbaser, non puidese aplicar o seu brutal paquete de recortes (ERTE,

modificación das condicións laborais e inaplicación do convenio), ao tempo que obrigou o goberno municipal a intervir a planta para paralizar todas estas lesivas medidas.

En ambos os casos demostrouse que a mobilización é o camiño para defender os nosos dereitos e que, no ámbito dos servizos públicos, a mellor garantía para o emprego e para as condicións sociolaborais pasa pola xestión directa.